



Anteproxecto de Decreto/2013, do.....de....., polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, competencia plena sobre a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolvan e das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecen os principios e fins da actividade educativa.

Entre os principios da educación sinalan a transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común, e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que debe realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

Este decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado e na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

II

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e



estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais, e, á súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O Plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento no que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso, o proxecto educativo de cada centro incluírá un Plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011, e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito Plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

III

Dende o punto de vista formal o decreto conta con 56 artigos estruturados en tres títulos, sete disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras.

O título I, de disposicións xerais, establece o obxecto, o ámbito de aplicación, os principios informadores e os fins das normas de convivencia.

O título II, que se denomina a convivencia nos centros docentes, conta con dous capítulos. No primeiro indícanse os axentes responsables da convivencia, créase o Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa, no que se refire á convivencia escolar.

No segundo capítulo do título II, establécense os documentos e recursos complementarios sobre convivencia escolar, defínese o obxecto, fins e principios do Plan de convivencia, os obxectivos xerais e a súa estrutura. Para cerrar este capítulo, recóllense unha serie de actuacións, programas e medidas complementarias para a mellora da convivencia nos centros docentes.

O título III, das condutas contrarias á convivencia escolar e da súa corrección,



divídese en catro capítulos, nos que, ademais de establecer os principios xerais para a corrección destas condutas, o ámbito de corrección e os requisitos formais documentais nos procedementos correctores, introdúcese o termo de corrección ou medida correctora coa pretensión de subliñar que os procesos de corrección non constitúen, unicamente, a consecuencia do exercicio da potestade sancionadora da Administración, senón que, fundamentalmente, forman parte do proxecto educativo do alumnado. Distínguese entre condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e as condutas leves contrarias á convivencia, enuméranse as medidas correctoras que se poden impoñer, os procedementos para a súa corrección e os responsables destes.

Como novidade, a corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro poderá impoñerse, logo da instrución dun procedemento corrector que poderá ser, segundo os casos: o conciliado ou o común.

Co procedemento conciliado perséguese que o diálogo, a implicación e o compromiso do alumnado corrixido e da súa familia sirva para que a persoa agraviada se sinta valorada, que as medidas correctoras sexan consensuadas, de ser o caso, coa colaboración dun mediador para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e, ao mesmo tempo, para facilitar a inmediatez da corrección educativa.

O diálogo e a conciliación, se concorren os requisitos previstos neste decreto, serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución dos conflitos no ámbito escolar.

En derradeiro lugar, remata o decreto coas disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e derradeiras.

IV

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio das facultades outorgadas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, logo do ditame do Consello Consultivo de Galicia e da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión dodede dous mil trece,

DISPOÑO:



TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico de convivencia recoñecido na lexislación básica do Estado e na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como dos procedementos de prevención e corrección das condutas que afecten á convivencia nos centros docentes.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto neste decreto será de aplicación en todos os centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia que ofrezan algunha das ensinanzas reguladas na lei orgánica educativa actual.

Artigo 3. *Principios informadores e fins das normas de convivencia.*

1. A convivencia nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia deberá ter como referentes xerais os principios establecidos pola Constitución Española e as leis orgánicas que a desenvolvan, o dereito á educación, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a lexislación que del dimana, en especial a Lei 4/2011, así como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España.

2. En particular, a convivencia nos centros docentes orientarase aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon a disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.



- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

TÍTULO II

A convivencia nos centros docentes

CAPÍTULO I

Axentes responsables da convivencia escolar

Artigo 4. A comunidade educativa.

1. Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto e participarán na elaboración, desenvolvemento, control do cumprimento e avaliación do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
2. A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Artigo 5. O Consello Escolar.

O Consello Escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, terá ás seguintes:



- a) Elixir os representantes da Comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2º deste decreto.
- b) Establecer directrices para a elaboración do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Aprobar o Plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
- d) Realizar anualmente o seguimento e avaliación do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- e) Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

Artigo 6. *A Comisión de convivencia.*

1. A Comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no Plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

2. A Comisión de convivencia na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polos representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, pola persoa titular do centro, todos eles na mesma proporción na que se encontran representados no Consello Escolar do centro. Será presidida pola persoa titular da Dirección do centro e un dos seus integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes na Comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos, necesariamente.

3. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da Comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no Plan de convivencia de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus



membros.

4. A Comisión de convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

- a) Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do Plan de convivencia do centro.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propoñer ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propoñer, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar ao Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, no que se reflectan as iniciativas a nivel centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- k) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da administración educativa con competencias na materia.

5. Cando a Comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos profesionais do Departamento de Orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.



Artigo 7. *O Claustro de profesores.*

O Claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

- a) Realizar propostas para a elaboración do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- b) Participar na avaliación periódica da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan de convivencia.
- c) Propoñer actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

Artigo 8. *O equipo directivo.*

1. Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Elaborar, de ser o caso, o Plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da Comisión de convivencia, mentres non estea constituída.
- b) Impulsar as actividades previstas no Plan de convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

2. O director, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

- a) Garantir as condicións para que exista no centro un axeitado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

3. De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle ao director a imposición das medidas correctoras. O director poderá delegar no xefe de estudos, no titor ou nun profesor esta competencia, nos termos que se establecen no artigo 44 do presente Decreto.

4. Ao xefe de estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:



- a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.
- c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- d) Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

Artigo 9. *Órganos de coordinación docente.*

1. Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o Plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
2. En todo caso, as medidas e os acordos do apartado anterior serán recollidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e resto dos órganos de coordinación docente para incluílas nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

Artigo 10. *Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.*

1. O Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia créase como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire a convivencia escolar. Estará adscrito á Consellería con competencias en materia de educación, e contará co apoio dos servizos técnicos da administración educativa, para fomentar a participación dos membros da comunidade educativa na mellora da convivencia.
2. O réxime de funcionamento do Consello para a convivencia escolar será o establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, así como o previsto neste decreto, na normativa, que o desenvolva e, de ser o caso, nas súas propias normas de funcionamento. En todo caso, axustarase ao seguinte:

- a) O Consello para a convivencia escolar funcionará en Pleno e en Comisión



permanente, podéndose acordar, ademais, a creación das comisións técnicas de traballo que se consideren oportunas.

b) O Pleno manterá, con carácter ordinario, unha reunión anual e con carácter extraordinario as reunións que se consideren oportunas, por iniciativa propia ou por iniciativa dunha terceira parte dos seus membros.

c) A Comisión permanente estará integrada por cinco membros do Pleno, elixidos por este. Poderá estar asistida polo persoal técnico dos sectores implicados para realizar aquelas tarefas que o Consello para a convivencia escolar lle encomende. Estará presidida pola persoa responsable da consellería con competencias en materia de educación ou polo persoa do Pleno en quen delegue.

3. O Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, en Pleno, estará constituído polos seguintes membros:

a) A persoa titular da consellería con competencias en materia de educación, que exercerá a presidencia.

b) A persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de convivencia, que exercerá a vicepresidencia.

c) As persoas titulares das restantes direccións xerais e secretarías xerais da consellería con competencias en materia de educación vinculadas a dita área, ou persoas en quen deleguen.

d) A persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería con competencias en materia de educación, ou persoa en quen delegue.

e) A persoa responsable da xefatura territorial da consellería con competencias en materia de educación de cada provincia.

f) Catro persoas con rango de director xeral ou secretario xeral, representantes das consellerías competentes en materia de xustiza, sanidade, benestar e igualdade, ou persoas en quen deleguen.

g) Unha persoa representante do Consello Escolar de Galicia.

h) Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

i) Unha persoa representante da Xunta Autonómica de Directores de centros educativos.

j) Dúas persoas representantes das confederacións de asociacións de pais e nais, unha delas de centros educativos públicos e outra dos centros educativos privados concertados.

k) Unha persoa representante das confederacións de asociacións de alumnado.

l) Unha persoa representante por cada organización sindical con representación na mesa sectorial docente.



m) Unha persoa representante da patronal dos centros de ensino privados concertados.

n) Dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito da convivencia escolar.

o) Unha persoa funcionaria da consellería con competencias en materia de educación, designada pola dirección xeral con competencia en materia de convivencia, actuará como secretaria ou secretario, con voz e sen voto.

4. En todo caso, a composición do Consello para a convivencia escolar integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes.

5. As funcións do Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia serán ás seguintes:

a) Avaliar a situación da convivencia nos centros, establecendo estratexias para a recollida de información, análise e difusión dos datos, impulsando a investigación neste ámbito.

b) Analizar e propoñer liñas de actuación de investigación, prevención e inclusión en materia da mellora da convivencia escolar.

c) Propoñer iniciativas de cara á mellora do clima escolar, elevando propostas de actuación á Administración educativa e realizando o seguimento e avaliación destas iniciativas.

d) Propoñer liñas de actuación en materia de formación do profesorado no que respecta á convivencia escolar, promover a elaboración de materiais e recursos e facilitar o intercambio de experiencias.

e) Colaborar no desenvolvemento de programas preventivos e para a detección precoz de situacións conflitivas nos centros educativos.

f) Colaborar con diferentes organismos e entidades que teñan entre os seus fins a prevención e resolución de conflitos, así como a potenciación e mellora da convivencia escolar.

g) Coordinar as súas actuacións cos distintos servizos e organismos que teñen responsabilidades, competencias e implicación en materia de convivencia e canalizar, de ser o caso, ás instancias competentes os temas obxecto de consulta ou asesoramento que lle correspondan.

h) Elaborar ao final de cada curso escolar unha memoria anual na que se recolla a situación da convivencia nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Realizar cantas outras funcións lle sexan encomendadas pola consellería con competencias en materia de educación para a mellora da convivencia escolar.

No cumprimento das funcións anteriores deberá terse en conta, nos casos que sexa procedente, a perspectiva de xénero, que será especificamente valorada



nos informes, avaliacións, iniciativas e propostas de liñas de actuación para prever e tratar a violencia por razón de sexo.

6. Á presidencia do Consello para a convivencia escolar correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Desempeñar a representación do órgano.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a fixación da orde do día.
- c) Presidir as reunións e moderar o seu desenvolvemento.
- d) Garantir o cumprimento das disposicións legais establecidas neste decreto.
- e) Realizar cantas outras funcións lle sexan encomendadas pola Consellería con competencias en materia de educación para a mellora da convivencia escolar.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á presidencia do Consello.

7. Á vicepresidencia do Consello para a convivencia escolar correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Substituír a presidencia no caso de vacante, enfermidade, ausencia e outras causas de imposibilidade.
- b) Realizar cantas outras funcións lle sexan delegadas pola presidencia.

8. Aos membros do Consello para a convivencia escolar correspóndenlles as seguintes funcións:

- a) Asistir ás reunións e participar nos debates, expoñendo a súa opinión e formulando as propostas que consideren convenientes.
- b) Propoñerlle á presidencia, a través da secretaría, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias e formular rogos e preguntas. Cando a proposta de inclusión na orde do día sexa presentada por un terzo dos membros, o tema incluírase nela.

9. Á secretaría do Consello para a convivencia escolar correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Efectuar a convocatoria das sesións do Consello por orde da súa Presidencia, así como a citación dos seus membros.
- b) Recibir información dos membros, notificacións, peticións, retificacións ou calquera outra clase de escritos dos que se deba ter coñecemento.
- c) Asistir as reunións, preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as



actas das sesións.

d) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

e) Realizar cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de secretaria ou secretario.

10. O nomeamento das persoas integrantes do Consello para a convivencia escolar será competencia da persoa titular da consellería con competencias en materia de educación, por proposta das organizacións, órganos, centros e institucións ás que pertencen os seus membros, por un período de dous anos a partir da data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e renovable por dous máis. No suposto de que un dos membros perdesa a súa representatividade será designada unha persoa substituta conforme ao sinalado neste apartado, e polo tempo que lle reste no exercicio do cargo ao anterior.

11. A consellería con competencias en materia de educación atenderá con cargo á súa consignación orzamentaria os custos de constitución e funcionamento do Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, e creará un espazo específico para este órgano consultivo no portal educativo, que será canle de comunicación entre os distintos organismos que participen na mellora da convivencia nos centros educativos, así como de información e difusión dos estudos, investigacións e materiais que se elaboren ao respecto.

CAPÍTULO II

Documentos e recursos complementarios sobre a convivencia escolar

SECCIÓN 1ª

Plan de convivencia

Artigo 11. *Obxecto, fins e principios do Plan de convivencia.*

1. O Plan de convivencia do centro é o documento no que se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

2. O proxecto educativo de cada centro docente incluírá un Plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011, e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito Plan de



convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

3. O Plan de convivencia será elaborado pola Comisión de convivencia, ou, cando esta non estivese constituída, polo equipo directivo, e será aprobado polo Consello Escolar do centro.

4. Os centros docentes privados concertados elaborarán os respectivos plans de convivencia tendo en conta as súas peculiaridades.

5. A elaboración do Plan de convivencia suporá a reflexión e, de ser o caso, a actualización dos seguintes documentos:

- a) O proxecto educativo do centro.
- b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.
- c) O plan de atención á diversidade e o plan de acción tutorial.
- d) As normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do Plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.
- e) A programación xeral anual.

Artigo 12. *Obxectivos xerais do Plan de convivencia.*

O Plan de convivencia deberá contribuír a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- a) Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.



- d) Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e liberdades fundamentais.

Artigo 13. *Estrutura do Plan de convivencia.*

O Plan de convivencia presentará, como mínimo, a seguinte estrutura:

- a) A análise da situación partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.
- b) Os obxectivos específicos do Plan de convivencia derivados da análise previa.
- c) Descrición das actuacións, medidas ou programas que se van a desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.
- d) Concreción, en cada unha das actuacións, medidas ou programas, das persoas ou órganos responsables, dos destinatarios e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.
- e) Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou incumprimento destas.
- f) Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicaran, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011, e demais normativa que sexa de aplicación.



- g) As normas específicas para o funcionamento da Comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.
- h) Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
- i) Estratexias para realizar a difusión do Plan de convivencia.
- j) Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de convivencia.

Artigo 14. Análise ou diagnóstico da situación da convivencia no centro.

A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no centro e, de ser o caso, a conflictividade detectada neste. Recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.
- b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.
- c) Estado das relacións e participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.
- d) Conflictividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.
- e) Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

Artigo 15. Actuacións, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade.

Entre as actuacións, medidas ou programas a desenvolver para favorecer a convivencia, enuméranse as seguintes:

1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, debendo considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.
2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.



3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- a) Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparen para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
- b) Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
- c) Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias, que correspondan. En todo caso, preverase a designación, pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado, dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal do propio centro docente. Esta designación procurarase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

4. Medidas a aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as que se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que puideran xurdir, de conformidade co establecido neste Decreto.

5. Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

Artigo 16. *Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de convivencia.*

1. Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do Plan de convivencia.

2. O equipo directivo dos centros docentes garantirá a participación na avaliación do Plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa.

3. A Comisión de convivencia elaborará, ao remate de cada curso escolar, a correspondente memoria do Plan de convivencia do centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas



propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar en pleno, por proposta da súa Comisión de convivencia, aprobará a memoria do Plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual do centro.

4. Aos servizos de Inspección Educativa correspóndelles supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan de convivencia do centro, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

5. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer algún procedemento para á recollida de incidencias en materia de convivencia nos centros educativos dela dependentes, a través de medios electrónicos ou telemáticos.

Artigo 17. Difusión do Plan de convivencia.

1. O equipo directivo dos centros docentes levará a cabo as actuacións necesarias para que o Plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

2. A Consellería con competencias en materia de educación facilitará a difusión por diferentes medios das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.

SECCIÓN 2ª

As normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia

Artigo 18. Normas de organización e funcionamento.

1. As normas de organización e funcionamento de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do Plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

2. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.



3. Establecerán os procedementos de comunicación ás familias das faltas de asistencia do alumnado ás clases e as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia cando estes sexan menores de idade non emancipados.

Artigo 19. *Normas de convivencia.*

1. As normas de convivencia, que serán elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

2. En particular, as normas de convivencia de cada centro docente, concretarán os dereitos e deberes do alumnado, establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e neste decreto.

3. Poderán incluír previsións sobre a vestimenta do alumnado no centro docente ou o xeito de presentarse neste, orientadas a garantir que non atenten contra a súa dignidade, non supoñan unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde ou integridade persoal, e a dos demais membros da comunidade educativa, ou non impidan ou dificulten a normal participación do alumnado nas actividades docentes.

4. Así mesmo poderán establecer normas de uso para a correcta utilización de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos do alumnado en todo o recinto escolar.

Artigo 20. *Aplicación, difusión e seguimento das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia.*

1. As normas de convivencia do centro, logo da súa aprobación, serán de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa e estarán recollidas no Plan de convivencia do centro.

2. O equipo directivo do centro, o Claustro e o Consello Escolar, a través da Comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

3. O equipo directivo do centro levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento e as normas de convivencia na comunidade educativa.



SECCIÓN 3ª

Actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia nos centros

Artigo 21. *Actuacións preventivas e para a detección da conflictividade.*

As actuacións preventivas que contribúan á detección da conflictividade deberán incluírse nos respectivos plans de convivencia, e serán, como mínimo, as seguintes:

- a) Actividades de acollida para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, que faciliten o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.
- b) Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa.
- c) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres, para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- d) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- e) Medidas de carácter organizativo, que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores.

Artigo 22. *Actuacións formativas en materia de convivencia escolar.*

1. A consellería competente en materia de educación impulsará a realización de actuacións formativas dos distintos membros da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, especialmente, aquelas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre mulleres e homes e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

2. No marco dos seus plans de convivencia, os centros establecerán as actuacións correspondentes para a formación do profesorado, o alumnado, as familias e o persoal non docente en materia de convivencia. De ser ó caso, estas actuacións formativas poderán realizarse de forma conxunta.

3. Nos plans anuais de formación permanente do profesorado, poderán incluírse accións dirixidas especificamente a mellorar a súa formación no



ámbito da educación para a cultura da paz, a igualdade entre mulleres e homes, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Artigo 23. Programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos.

1. A consellería competente en materia de educación potenciará a realización de proxectos de innovación e investigación educativa relacionados coa mellora da convivencia escolar e divulgará aqueles que, pola súa calidade e aplicabilidade, sexan considerados de interese para os centros, poñéndooos, de ser ó caso, á disposición dos membros da comunidade educativa no seu portal educativo.

2. A consellería competente en materia de educación promoverá que os centros dispoñan de materiais e recursos didácticos que lles permitan a potenciación dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

Artigo 24. Medidas complementarias para a mellora da convivencia.

1. O Departamento de Orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorrera reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa de habilidades sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estivera temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias e, de ser o caso, aos servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente, o desenvolvemento axeitado do proceso educativo e das accións propostas.

2. Poderán desenvolverse ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica



de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo - sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

Artigo 25. Aula de convivencia inclusiva.

1. A consellería competente en materia de educación regulará o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3º da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado, que como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estivera temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, para os efectos de mellorar o seu reingreso no menor tempo posible.

2. O Plan de convivencia incluírá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos :

a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta, segundo os criterios pedagóxicos que a tales efectos poidan ser establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.

b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, podendo ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do Departamento de Orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

c) Programación das actuacións do Departamento de Orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

d) Horario, localización, instalacións e material didáctico co que conta aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

3. A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, si fora menor de idade non emancipado ou emancipada.



Artigo 26. Mediación escolar.

1. A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

2. Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título III deste decreto, os centros poderán utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

3. O Plan de convivencia incluírá as directrices para a creación dos equipos de mediación, as características do seu funcionamento e as pautas de actuación a seguir para derivar un caso de conflito cara á mediación.

Artigo 27. Escola de nais e pais.

1. Cando así se determine no Plan de convivencia de cada centro e cos requisitos que se establezan naquel documento, poderán crearse as escolas de nais e pais para propoñer iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao Consello Escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da Comisión de convivencia.

2. As nais e pais, ou titoras e titores asumirán, entre outros, os seguintes compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:

a) Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unha axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.

b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores dos seus fillos ou fillas.

c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.

d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.



Artigo 28. Protocolos de actuación e documentos.

1. A consellería competente en materia de educación poñerá á disposición dos centros un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar propoñendo as pautas de prevención, actuación e intervención que se poidan adoptar para garantir a seguridade e a protección do alumnado, así como a continuidade da súa aprendizaxe. Este protocolo terá un carácter básico e deberá ser contextualizado ou adaptado ao centro e ao seu contorno para, finalmente, ser incluído no Plan de convivencia do centro.

2. Facilitaranse igualmente modelos normalizados para a tramitación dos procedementos de corrección de condutas contrarias á convivencia ou, de ser o caso, para a tramitación de calquera outro procedemento en materia de convivencia.

Artigo 29. Outras actuacións complementarias.

A consellería competente en materia de educación desenvolverá e promoverá outras actuacións que contribúan a mellorar a convivencia escolar nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, que poderán ser as seguintes:

a) Colaboración e coordinación con outras entidades, organismos e institucións públicas ou privadas e cos medios de comunicación para poñer en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, prever a violencia e o acoso escolar.

b) Organización de xornadas técnicas, espazos de reflexión, discusión e posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar.

c) Asesoramento para a elaboración e seguimento dos plans de convivencia nos centros docentes.

Artigo 30. Difusión das actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia escolar.

Nos termos establecidos pola consellería competente en materia de educación, impulsarase o recoñecemento e a difusión das actuacións, programas e medidas para a mellora da convivencia escolar que os centros educativos leven a cabo coa participación dos membros da súa comunidade educativa.



Artigo 31. Seguimento e avaliación das actuacións referidas á mellora da convivencia nos centros educativos.

1. A consellería competente en materia de educación promoverá e planificará, con carácter anual, as diferentes accións tendentes ao seguimento e avaliación da convivencia nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos servizos territoriais da Inspección Educativa.

2. Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar teranse en conta, entre outros, os informes anuais que realicen as respectivas comisións de convivencia e as conclusións das memorias anuais dos respectivos plans de convivencia, así como a memoria anual que elabore o Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Así mesmo, a consellería competente en materia de educación poderá solicitar información de todos aqueles organismos, institucións e entidades que colaboren na mellora da convivencia escolar.

TÍTULO III

Condutas contrarias á convivencia escolar e a súa corrección

CAPÍTULO I Principios xerais

Artigo 32. Principios xerais.

1. Os centros docentes poñerán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu Plan de convivencia e no seu Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da



convivencia no centro docente.

c) Contribuír a que a alumna ou alumno corrixido asuma o cumprimento dos seus deberes e mellorar as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e a súa integración no centro educativo.

d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.

4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e aos agresores.

5. Os incumprimentos das normas de convivencia serán valorados antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

6. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada ou privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

7. Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

8. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado, os seus proxenitores ou representantes legais deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo no que estean escolarizados.

Artigo 33. *Clases de condutas contrarias á convivencia.*

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

b) Condutas leves contrarias á convivencia.

Para o caso de comisión de actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, a instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberá poñelo en coñecemento da administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal,



sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

Artigo 34. *Gradación das medidas correctoras.*

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Artigo 35. *Reparación de danos causados.*

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorrese en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de excusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido no parágrafo anterior é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.



Artigo 36. *Ámbito de corrección.*

1. Deben corríxirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

2. Así mesmo, poderán corríxirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto docente que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

Artigo 37. *Aspectos formais dos procedementos correctores.*

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 do presente decreto, deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV deste decreto.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente dos mesmos e polo tanto contará coa presunción de veracidade segundo o establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa e deberá conter como mínimo os seguintes datos :

- a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
- c) A norma que se estime infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
- d) Nome, apelido, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno, incurso no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos dos seus proxenitores ou representantes legais.
- e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
- f) Identificación e sinatura da profesora ou do profesor que elabore o documento.



3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a esta ou este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder, e o nome do docente instrutor. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipados, tamén aos seus proxenitores ou representantes legais, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, dos seus proxenitores ou representantes legais, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV deste decreto son obrigatorias para elas e eles, a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou pai, titora ou titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno, se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, comunicándose igualmente á Inspección Educativa.

CAPÍTULO II

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e a súa corrección

Artigo 38. *Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.*

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.



- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 39. *Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.*

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.



- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Artigo 40. A proposta de cambio de centro.

1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.
2. Esta medida correctora non poderá propoñerse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o centro ou na localidade de residencia da alumna ou do alumno non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse a alumna ou o alumno responsable das condutas.
3. A proposta de cambio de centro poderá supoñer o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
4. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña ao responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno a medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos apartados precedentes deste artigo, e logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, achegándolle o expediente do devandito procedemento corrector.
5. A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, no seu caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. En caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.



Artigo 41. Aplicación das medidas correctoras.

1. O director do centro, por proposta do instrutor do procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III do presente decreto.

2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida ou readmitido nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión, se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta.

CAPÍTULO III

Conduas leves contrarias á convivencia e a súa corrección

Artigo 42. Conduas leves contrarias a convivencia.

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.

c) A inasistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.



Artigo 43. *Medidas correctoras.*

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Artigo 44. *Responsables da aplicación das medidas correctoras.*

1. A persoa titular da dirección do centro, oída a alumna ou oído o alumno e a súa profesora ou profesor, titora ou titor, será competente para decidir e impoñer as medidas correctoras contempladas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicarse á nai ou ao pai, ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á Comisión de convivencia do centro.

2. Para decidir e impoñer as medidas correctoras do artigo anterior, agás as contempladas nas alíneas g) e h), serán competentes os seguintes membros da comunidade educativa, por delegación da dirección do centro:

- a) O profesorado do alumnado, oído este, e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa que exerza funcións equivalentes nos centros privados concertados, en caso das medidas contempladas nas alíneas a) b) e c) do artigo anterior deste decreto.
- b) A titora ou titor do alumnado, oído este, e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa que exerza funcións equivalentes nos centros



concertados, en caso das medidas contempladas nos alíneas a), b), c) e d) do artigo anterior.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa que exerza funcións equivalentes nos centros privados concertados, oído o alumnado e o seu profesorado, titora ou titor, en caso das medidas contempladas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo anterior.

Artigo 45. Solicitude de revisión e execución de medidas.

1. As alumnas ou os alumnos aos que se lles aplique as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto, ou de ser o caso, se fosen menores non emancipados, os seus proxenitores ou representantes legais poderán mostrar o seu desacordo coa aplicación destas, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro, que logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.

2. A resolución que imponha algunha das medidas correctoras ás que se refire o apartado 1) deste artigo pon fin á vía administrativa, e será inmediatamente executiva.

CAPÍTULO IV

Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Artigo 46. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.



3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

4. A dirección do centro informará ao docente titor da alumna ou alumno corrixido e ao Consello Escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que foran corrixidas.

5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

Artigo 47. Determinación do procedemento de corrección.

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidas, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas nas que se produciu a conduta que se vai corrixir, e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos dende que se tivo coñecemento dos feitos.

2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, polo persoal especialista en orientación e polo docente titor da alumna ou do alumno ao que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno e os seus antecedentes en relación á convivencia escolar.

3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis axeitado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, propiciarase a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os



outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos foran lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

Artigo 48. Inicio do procedemento de corrección.

1. No prazo de tres días lectivos, contados dende que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada ou emancipado, aos seus proxenitores ou representantes legais, e se cumpren os requisitos esixidos para iso, daralles a posibilidade de corri-la mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.

2. Nos casos nos que se ofrecera á alumna ou ao alumno ou aos seus proxenitores ou representantes legais a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.

3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará a un docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.

4. A dirección do centro docente deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e na resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a devandita designación.

5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:

a) Practicar cantas dilixencias estime pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.

b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.

c) Propoñer á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que



considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras pertinentes.

d) Propoñer á dirección do centro o arquivo das actuacións, se logo das indagacións realizadas estima que non procede corrixir a conduta.

6. A incoación do procedemento así como a súa resolución notificarase na forma prevista no artigo 37 apartados 3 e 7 deste decreto e comunicaráselle á Inspección Educativa.

Artigo 49. *Procedemento conciliado*

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno corrixido e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao devandito procedemento.

3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado, os seus proxenitores ou representantes legais non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada ou emancipado, os seus proxenitores ou representantes legais, non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) Cando xa se fixera uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta similar.



4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Artigo 50. Desenvolvemento do procedemento conciliado.

1. Cando a alumna ou o alumno, ou de ser menor non emancipada ou emancipado, os seus proxenitores ou representantes legais opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará o docente designado como instrutor do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado dende o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordaralle ás afectadas e aos afectados que están a participar nun procedemento conciliado ao que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que se derive deste. Tamén advertirá á alumna ou ao alumno e, de ser o caso, aos seus proxenitores ou representantes legais, que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora expoñerá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propoñerá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a instrutora ou o instrutor dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas, para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir, e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que limita a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis axeitada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras pertinentes. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte da alumna ou do alumno autor da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menores non emancipadas ou emancipados, dos seus proxenitores ou representantes legais.



O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que ostente a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme ao previsto no artigo 53 deste decreto.

Artigo 51. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado.

1. No procedemento conciliado poderá actuar unha persoa mediadora sempre que así se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá á instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas, e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- a) Contribuír ao proceso de conciliación.
- b) Axudar a que cada un das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- c) Apoiar o axeitado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

Artigo 52. Procedemento común.

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, os seus proxenitores ou representantes legais opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.



Artigo 53. Desenvolvemento do procedemento común.

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será a profesora ou o profesor do centro designado como instrutora ou instrutor.

2. A instrutora ou o instrutor deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora dispoñerá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada ou emancipado, aos seus proxenitores ou representantes legais, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos a contar a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado estenderase acta.

Artigo 54. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas.

1. Á vista da proposta da instrutora ou do instrutor, a directora ou director do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

- a) Feitos probados.
- b) De ser o caso, circunstancias que reducen ou acentúan a responsabilidade.
- c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
- d) Posibilidade de solicitar ante o Consello Escolar, no prazo de dous días lectivos dende a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada ou emancipado, aos seus proxenitores ou representantes legais, a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitirana á xefatura territorial correspondente.



3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo Consello Escolar a instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, dos seus proxenitores ou representantes legais, de acordo ao establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación para os centros concertados.

4. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

Artigo 55. Compromisos educativos para a convivencia.

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, os seus proxenitores ou representantes legais, asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno, ou de ser o caso, os seus proxenitores ou representantes legais, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aqueles, se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas axeitadas. Igualmente deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, dos seus proxenitores ou representantes legais determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

4. Cada centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, cos seus proxenitores ou representantes legais, compromisos educativos para a convivencia segundo o previsto neste artigo.

Artigo 56. Prescrición de condutas e de correccións.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa



comisión, e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse dende o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, en cuxo caso o prazo de prescrición non empezará a computarse mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, reanudándose o cómputo do prazo de prescrición en caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Disposición adicional primeira. *Actuacións para axilizar a tramitación dos procedementos correctores.*

Para os efectos de axilizar o procedemento de corrección de condutas contrarias á convivencia, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de notificacións administrativas, as direccións dos centros, en primeiro termo, citarán telefonicamente, ou mediante calquera outro medio informático ou telemático admitido en dereito, á propia alumna ou alumno, implicada ou implicado, ou, no caso de ser menores de idade, aos proxenitores ou representantes legais destes, para unha comparecencia persoal co obxecto de facerlles entrega das notificacións que sexan pertinentes no desenvolvemento do procedemento de que se trate, segundo o previsto neste decreto.

Disposición adicional segunda. *Centros integrados de formación profesional.*

Nos centros integrados de formación profesional, competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a aplicación deste decreto axustarase ás peculiaridades da súa organización e funcionamento, de conformidade co previsto no Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o seu regulamento orgánico e a Orde do 29 de xullo de 2011, de desenvolvemento.



Disposición adicional terceira. *Centros docentes privados concertados.*

1. Este decreto aplicarase nos centros docentes privados concertados naquilo que lles afecte conforme a normativa vixente. A aplicación daqueles preceptos relativos á competencias dos órganos colexiados e unipersoais adaptaranse á organización interna dos devanditos centros, de conformidade co disposto nos artigos 54 e seguintes da Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación.

2. As normas de organización e funcionamento dos centros privados concertados preverán a existencia dunha comisión no seo do Consello Escolar coas mesmas competencias que se atribúen neste decreto á Comisión de convivencia do Consello Escolar dos centros públicos.

Disposición adicional cuarta. *Centros docentes privados non concertados.*

Os centros docentes privados non concertados, no marco establecido polas leis orgánicas 8/1985, e 2/2006, gozarán de autonomía para establecer as súas normas de organización e funcionamento e as súas normas de convivencia, con respecto aos dereitos que ao alumnado lle reconece a normativa vixente.

Disposición adicional quinta. *Centros residenciais docentes.*

O disposto neste decreto aplicarase ao alumnado que utilice o servizo de residencia, coas adaptacións que se regulen nas normas de organización e funcionamento do centro.

Disposición adicional sexta. *Protección de datos.*

En canto aos datos persoais do alumnado, ou de ser o caso, dos proxenitores ou representantes legais deste, estarase ao disposto na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e demais lexislación vixente de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional sétima. *Garda e acollemento.*

As referencias deste decreto ás nais, pais, titoras e titores legais entenderanse feitas ás persoas que posúen a garda ou o acollemento por resolución xudicial ou administrativa.



Disposición transitoria primeira. *Procedementos correctores en tramitación.*

Os procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente decreto continuarán a súa tramitación de acordo co disposto no Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros, sen prexuízo da aplicación dos prazos e os procedementos de corrección das condutas contrarias á convivencia previstos na Lei 4/2011.

Disposición transitoria segunda. *Retroactividade das disposicións correctoras máis favorables.*

As condutas contrarias á convivencia escolar que se produciran ata a entrada en vigor deste decreto serán obxecto das correccións previstas na normativa que lles resultaba de aplicación. Non obstante, se as correccións establecidas no presente decreto fosen máis favorables para o alumnado autor da conduta, aplicaranse estas, debendo ter en conta, en calquera caso, os prazos e os procedementos de corrección das condutas contrarias á convivencia previstos na Lei 4/2011, e nesta disposición.

Disposición transitoria terceira. *Constitución das comisións de convivencia*

A Comisión de convivencia de cada centro educativo, público ou privado concertado, deberá constituírse no prazo de seis meses dende a entrada en vigor deste decreto.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación normativa*

As normas de organización e funcionamento e os plans de convivencia en vigor deberán adaptarse ao establecido neste decreto nun prazo dun ano dende a súa entrada en vigor. En ningún caso, poderán aplicarse se se opoñen ao disposto nel.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango resulten contrarias ou se opoñan ao establecido neste decreto e, en particular o Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.



Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,.....de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria